**PROCESO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES CONSOLIDACIÓN**

**DE DELCARACION DE INTERES E DE INTERCAMBIO DE DOCUMENTOS**

A presentación de solicitudes iniciase cunha primeira fase chamada **declaración de interese** en participar no proceso de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

Tal e como establece a convocatoria**, os beneficiarios destas axudas serán as Universidades do SUG** no que se atopa entre outras a USC. Esta Universidade presentará as solicitudes dos grupos de Investigación / investigadores candidatas a ser destinatarias destas axudas que cumpran na data de peche de convocatoria os requisitos recollidos na convocatoria.

Para isto a USC estableceu un procedemento para determinar que grupos de investigación / investigadores poden estar interesados mediante a seguinte presentación de declaración de interese:

## Acceso ao formulario online

- REXISTRO NA APLICACIÓN XACUS
- DECLARACIÓN DE INTERESE
- INTERCAMBIO DE DOCUMENTOS

# REXISTRO EN XACUS

Para rexistrarse hai que ira á páxina de **Login**. Se intenta acceder á declaración de interese ou á páxina de intercambio de documentación antes de iniciar a sesión, XACUS vaille redirixir á páxina de Login.









Unha vez na páxina de Login premer no enlace Rexistrarse, cumprimentar os datos persoais e premer no botón Rexistrarse.

Enviaráselle unha mensaxe ao enderezo de correo electrónico indicado coas súas credenciais para iniciar a sesión en XACUS.



Se desexa cambiar o seu contrasinal, unha vez iniciada a sesión prema no enlace Perfil, e na páxina Perfil prema no enlace Cambiar contrasinal.



# DECLARACIÓN DE INTERESE

Para facer a **declaración de interese** é preciso estar rexistrado e iniciar a sesión co seu usuario e contrasinal.

Ir á páxina principal de XACUS e, dentro da convocatoria de Consolidación prema no enlace Declaración de Interese.




Unha vez dentro da páxina da declaración de interese seleccione a modalidade na que desexa participar.

Só poderá seleccionar unha modalidade salvo no caso de GRC e GPC que poderá seleccionar as dúas modalidades (*poderá seleccionar as dúas modalidades para ver porque opción ten máis opcións de acadar a axuda,* ***<u>pero só poderá presentar a solicitude nunha soa modalidade</u>***)



Declaración de interese

Programa de Consolidación 2021

Os campos marcados con * son obrigatorios.

Datos do solicitante

Apelido 1: Apelido 2:

Nome: Documento: nº:

Email: Teléfono:

Modalidades para as que se solicita a documentación (debe marcarse polo menos unha)*:

☐ Grupos de Referencia Competitiva
☐ Grupos con Potencial de Crecemento
☐ Excelencia (Traxectoria Consolidada)
☐ Excelencia (Traxectorias Emerxentes)

Enviar

a) No caso de seleccionar as das **modalidades GRC e/ou GPC** deberá indicar
   - Se é vostede o coordinador do grupo de investigación. No caso de non ser así, deberá indicar os datos do coordinador do grupo de investigación.
   - Os catro díxitos do código do grupo de investigación.
   - Se o grupo foi creado en 2020.
   - Se o grupo é o resultado dunha fusión con outro grupos (no período 2017-2020). Neste caso deberá indicar os catro díxitos do código de cada grupo de orixe (mínimo dous, máximo 4). Prema no enlace + para engadir máis grupos e no enlace – para borralos.
   - Se solicita a documentación para presentar a súa solicitude fóra da USC.

b) No caso de que seleccione unha **modalidade de Excelencia**, prema no botón <u>Enviar</u>. Pediráselle que confirme se desexa enviar a declaración (debe ter os pop-ups do navegador habilitados). Enviaráselle unha mensaxe de correo electrónico ao enderezo co que se rexistrou vostede en XACUS confirmando que a súa declaración de interese foi rexistrada correctamente.

c) Unha vez cumprimentado o formulario de declaración de interese, prema no botón <u>Enviar</u>. Pediráselle que confirme que desexa enviar a declaración (debe ter os pop-ups do navegador habilitados). Enviaráselle unha mensaxe de correo electrónico ao enderezo co que se rexistrou vostede en XACUS confirmando que a súa declaración de interese foi rexistrada correctamente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

# Declaración de interese

## Programa de Consolidación 2021

Os campos marcados con * son obrigatorios.

**Datos do solicitante**

| | |
|---|---|
| Apelido 1: | Apelido 2: |
| Nome: | Documento: |
| Email: | Teléfono: |

Modalidades para as que se solicita a documentación (debe marcarse polo menos unha)*:

- ☑ Grupos de Referencia Competitiva
- ☐ Grupos con Potencial de Crecemento
- ☐ Excelencia (Traxectoria Consolidada)
- ☐ Excelencia (Traxectorias Emerxentes)

O solicitante é coordinador do grupo de investigación?* ○ Sí ◉ Non

**Datos do coordinador do grupo de investigación**

| | |
|---|---|
| Apelido 1*: | Apelido 2: |
| Nome*: | Documento*: NIF nº*: |
| Email*: | Teléfono*: |

Código do grupo*: GI-

Marcar se procede:

- ☐ Grupo creado en 2020
- ☑ O grupo é o resultado dunha fusión con outros grupos (no periodo 2017-2020)
  - Códigos dos grupos de orixe: GI- GI- +
- ☐ Solicito a documentación para presentar a miña solicitude **fóra** da USC

Enviar

# INTERCAMBIO DE DOCUMENTOS

Para poder achegar e recibir a documentación necesaria que precisa incorporar coa súa solicitude na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, debe facer a declaración de interese, estar rexistrado e iniciar a sesión co seu usuario e contrasinal.

Para subir ou descargar documentación, deberá ir á páxina principal de XACUS, convocatoria Programa de Consolidación e premer no enlace **Intercambio de documentación**.




Na páxina de intercambio de documentos despregamos o **selector de tipo de documento** e seleccionamos o tipo de documento que queremos subir.
Os documentos dispoñibles van depender da modalidade elixida. Neste caso utilizamos como exemplo GRC.
Os documentos deben estar en **formato PDF e non exceder de 4 MB**. Os documentos de máis de 4 MB serán rexeitados polo servidor.







Seleccione na súa computadora o documento que desexa subir. Non se preocupe polo nome do arquivo, xa que cando o suba será renomeado de acordo co tipo de documento que seleccionou.




Por último prema no botón Subir.




Mostrarase unha mensaxe confirmando que o documento subiuse correctamente.

O documento subido mostrarase na caixa de documentos. Se desexa velo ou descargalo prema no enlace **Ver**.


Intercambio de Documentos

Convocatoria: CONSOLIDACIÓN 2021

| Tipo Documento | Nome Ficheiro | Data Carga | |
|---|---|---|---|
| DOC. ACR. REQUISITOS (GRC) | GI_9997_REQUISITOS_GRC.pdf | 16/02/2021 11:53:02 | Ver |

**Subida de documentos**
Os documentos deben estar en formato PDF e ter un tamaño máximo de 4 MB.
No caso de subir de novo un documento xa cargado sobreescribirase o anterior.

Tipo de documento: DOC. ACR. REQUISITOS (GRC)

Browse... No file selected.

Subir **PDF (máx. 4MB)**

Só poderá subir un documento de cada tipo. Se volve a subir un documento dun tipo que xa subira previamente, o novo documento substituirá ao anterior.

Cando a Universidade lle suba un documento á súa caixa de documentos, recibirá un aviso no enderezo de correo electrónico que indicou cando se rexistrou en XACUS.

Os **documentos subidos pola Universidade mostraranse en cor verde**


Intercambio de Documentos

Convocatoria: CONSOLIDACIÓN 2021

| Tipo Documento | Nome Ficheiro | Data Carga | |
|---|---|---|---|
| DOC. ACR. REQUISITOS ASINADO (GRC) | GI_9997_REQ_ASINADO_GRC.pdf | 16/02/2021 12:02:51 | Ver |
| DOC. ACR. REQUISITOS (GRC) | GI_9997_REQUISITOS_GRC.pdf | 16/02/2021 11:53:02 | Ver |

**Subida de documentos**
Os documentos deben estar en formato PDF e ter un tamaño máximo de 4 MB.
No caso de subir de novo un documento xa cargado sobreescribirase o anterior.

Tipo de documento: DOC. ACR. REQUISITOS (GRC)

Browse... No file selected.

Subir **PDF (máx. 4MB)**

Lembre que os documentos que debe subir á Sede Electrónica da Xunta de Galicia son os documentos en cor verde subidos pola Universidade. Os documentos en cor negra son os documentos subidos por vostede.